

de 1990, tal como se define no punto 1 do artigo 138 do dito convenio.

8. Declaración de Grecia relativa á Declaración sobre o estatuto das igrexas e as organizacións non confesionais.

Polo que se refire á Declaración sobre o estatuto das igrexas e as organizacións non confesionais, Grecia recorda a Declaración común sobre o Monte Athos anexa á acta derradeira do Tratado de adhesión de Grecia ás Comunidades Europeas.

29215 *LEI ORGÁNICA 10/1998, do 17 de decembro, complementaria da Lei sobre introducción do euro.* («BOE» 302, do 18-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

Artigo 1.

Engádeselle un novo parágrafo ó punto tres do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, coa seguinte redacción:

«Con relación ó que se prevé no parágrafo anterior, non se considerarán financiamento exterior, para os efectos da súa preceptiva autorización, as operacións de concertación ou emisión denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Monetaria Europea».

Artigo 2.

Un. Las referencias contidas nas leis orgánicas a importes monetarios expresados en pesetas entenderanse tamén realizadas ó correspondente importe monetario expresado en euros que se obteña de acordo co tipo de conversión e, se é o caso, redondeando consonte o disposto no artigo 11 da Lei sobre introducción do euro, tendo unhas e outras a mesma validez e eficacia.

Dous. Así mesmo, as referencias contidas nas leis orgánicas ó ecu ou ós importes expresados na unidade de conta ecu entenderanse tamén realizadas ó euro ou ó correspondente importe expresado en euros.

Tres. Malia o disposto no artigo 4 da Lei sobre introducción do euro, as referencias contidas nas normas penais á moeda nacional entenderanse que engloban tanto a moeda euro como a moeda peseta. Para estes únicos efectos, a peseta manterá a consideración de moeda nacional ata a finalización do período de troco a que se refire o artigo 24 da Lei sobre introducción do euro.

Catro. A substitución da peseta polo euro, nos termos previstos na Lei sobre introducción do euro, non alterará a responsabilidade derivada da comisión de delitos ou faltas tipificados ou penados con referencia á peseta.

Cinco. Durante o período transitorio ó que se refire o artigo 12 da Lei sobre introducción do euro, os euros cuñados ou impresos en moeda metálica ou en papel moeda consideraranse en todo caso moeda de curso

legal para os efectos previstos nos artigos 386 e 387 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 17 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

29216 *LEI 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.* («BOE» 303, do 19-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Consello da Unión Europea, na súa composición de xefes de Estado ou de Goberno, mediante Decisión adoptada o 2 de maio de 1998, acordou que once países, España entre eles, reúnen as condicións necesarias para a adopción da moeda única o 1 de xaneiro de 1999.

II

A adopción da moeda única non precisa, en principio, doutro tecido xurídico ca aquel que proporcionan os dous regulamentos comunitarios; o Regulamento (CE) número 1103/97, do Consello, do 17 de xuño de 1997, sobre determinadas disposicións relativas á introducción do euro, e o Regulamento (CE) número 974/98, do Consello, do 3 de maio, sobre a introducción do euro.

Estas dúas normas de dereito derivado representan o acervo comunitario básico no tocante á introducción do euro.

O primeiro regulamento citado ten como finalidades básicas: dunha parte, determina-la substitución do ecu polo euro, a partir do 1 de xaneiro de 1999; doutra, determinar un dos principios básicos no proceso, como é o da continuidade de tódolos instrumentos xurídicos, así como fixa-las correspondentes regras de redondeo dos importes monetarios resultantes das conversións durante o período transitorio.

Maior interese ofrece o segundo regulamento sobre a introducción do euro, conformado polos aspectos básicos seguintes:

En primeiro termo, dispónse a substitución das moedas dos Estados membros participantes na terceira fase polo euro.

En segunda instancia, compréndense un conxunto de regras para ordenalo período transitorio. Así, recóllese, entre outros, os aspectos seguintes:

1.º Pervivencia das unidades monetarias nacionais, se ben en tanto subdivisións do euro.

2.º Igual validez da unidade monetaria nacional que sirva como referencia a un instrumento xurídico.

3.º Inalterabilidade dos instrumentos xurídicos como consecuencia da substitución da moeda.

4.º Recoñecemento do principio de «non-prohibición non-compulsión», no tocante á utilización do euro durante o período transitorio.

5.º Pervivencia das moedas e billetes referidos na unidade monetaria nacional, en tanto instrumentos de curso legal.

En terceiro lugar, fíxase o réxime de posta en circulación, a partir do 1 de xaneiro do 2002, dos billetes e moedas denominados no euro, así como o procedemento de troco das moedas e billetes cifrados en unidades monetarias nacionais.

III

A aplicación directa das dúas disposicións citadas eximiría, en principio, de dictar outra normativa que non fose aquela que establecese, en certos casos, un réxime facultativo da utilización do euro no período transitorio, de conformidade co principio antes referido de non-prohibición, non-obriga na utilización do euro durante o período transitorio.

Sen embargo, a maioría dos Estados membros participantes na Unión Monetaria procederon a adecualo seu ordenamento interno, de acordo coas súas peculiares características, para facer efectivos os mecanismos de introducción do euro como moeda única en cada un dos seus sistemas monetarios e para harmonizar tales mecanismos co conxunto de normas que poden verse afectadas como consecuencia de tal evento.

Este labor de produción normativa ten, en tódolos casos, a indiscutible necesidade de prepara-los distintos ordenamentos xurídicos para que a introducción do euro, en tanto elemento homoxeneizador de tódolos sistemas monetarios que entran en réxime de unión monetaria, non produza ningún efecto indesexado.

A indicada finalidade non esgota, con todo, a oportunidade da norma. Trátase tamén de lle facilitar á poboación o uso da nova moeda, o coñecemento dos mecanismos de coexistencia coa antiga unidade monetaria durante o período transitorio e, en xeral, de procura-lo tránsito máis imperceptible e sosegado cara á nova moeda.

Esta actividade legislativa pode ser realizada desde dous enfoques distintos que, de antemán hai que sinalar, levan a idéntico resultado. O primeiro consistiría en adaptar singularmente todas e cada unha das normas que poidan verse afectadas pola modificación do sistema monetario. O segundo, parte dunha posición conceptualista na que, reafirmándose a neutralidade da modificación, se ofrecen regras xerais que completan, no que ó propio sistema monetario afectado se refire, a introducción do euro como moeda única.

Por este segundo sistema foi polo que optou o legislador español. A partir da afirmación regulamentaria de que durante o período transitorio seguirá sendo de aplicación o dereito monetario dos Estados membros participantes, agás o disposto no segundo dos regulamentos que anteriormente se referiron, a presente norma non modifica ningunha disposición de dereito monetario senón que, ó recolle-la substitución da peseta polo euro como moeda nacional, explícita os principios que dentro do noso sistema monetario gobernan tal modificación, organizando as correspondentes regras procesuais de orde interna para os facer efectivos, e coordinando a coexistencia da peseta co euro durante o período transitorio.

Nalgunha ocasión, e de modo consciente, para evita-la perda do seu necesario sentido pedagóxico, a redacción da norma recolle, singularizándoa para o noso contorno, expresións contidas nos regulamentos comunitarios. Este recurso debe comprenderse dentro do obxecto e finalidade da norma, que non é o de desenvolver-lo estatuto xurídico do euro, materia que corresponde ó dereito comunitario, senón o de preparar e completa-lo noso ordenamento xurídico para a máis suave recepción da moeda única.

A presente lei é, pois, un instrumento que facilita a introducción do euro no noso sistema xurídico e evita a afloración de elementos interpretativos que puideren malogra-lo que non pode ser considerado máis ca unha mera modificación do sistema monetario, pois o euro pasa a ser, desde a perspectiva do noso sistema, a nosa nova moeda nacional, mero cambio no nome dela, a equivalencia do cal coa peseta se fai descansar irrevogablemente no tipo fixo de conversión.

IV

Xunto á finalidade exposta, a norma non renuncia a desenvolver materias propias de dereito interno. A iso se debe a definición do concepto de «redenominación» e a consideración de que non constitúe feito imponible como corolario do principio de neutralidade que goberna a modificación do noso sistema monetario. Tamén por iso define a subdivisión centesimal do euro co termo «céntimo» máis acorde coa máis recente tradición monetaria española, pois, como se admite nas propias disposicións comunitarias, é posible utilizar variantes do termo antes citado no uso cotián de cada Estado membro.

Mención especial merece o tratamento que a equivalencia de importes ten na órbita do dereito sancionador. O artigo 5 da lei e o artigo 2 da lei complementaria a esta preveñen de calquera dúbida interpretativa que puidese asistir ós que apliquen a norma desde a rigorosa perspectiva do principio de tipicidade do dereito sancionador.

Na regulación das regras de redondeo establécese unha norma de prevención no tratamento das operacións intermedias. Trátase de establecer unha regra inmodificable que respecte a integridade das sumas pagadoiras, liquidables ou contabilizables, cando estas pasan por sistemas de cálculos intermedios. Esta regra terá a súa fundamental aplicación mentres se produzan conversións en ámbolos sentidos, isto é, durante o período transitorio.

Polo que respecta á utilización do euro e da peseta como unidades de conta e medios de pagamento durante o período transitorio, os artigos 13 e 14 organizan esta convivencia; para tal efecto acórdase a posibilidade contida no artigo 8.3 do Regulamento 974/98, do Consello, do 3 de maio, no relativo ó pagamento mediante aboamento en conta. Pola súa banda, a condición da peseta como subdivisión do euro xustifica a gratuidade das conversións.

A lei regula unha serie de medidas necesarias para garantir-la dualidade de unidades de conta e medios de pagamento durante o período de coexistencia. Establece, tamén, tinguído do principio de gratuidade, o réxime de redenominación das contas bancarias, trasunto no plano escritural do troco de billetes e moedas. Regula, así mesmo, o cambio de unidade de conta nos mercados de valores, nos procedementos operativos dos sistemas de compensación e liquidación de valores e sistemas de pagamentos, e nas obrigas de información das institucións de investimento colectivo, fondos de pensións e entidades aseguradoras.

Dentro destas medidas encontran acomodo o procedemento de redención da débeda do Estado e o cambio de unidade de conta do seu mercado. As particularidades do funcionamento da Central de Anotacións amparan un sistema de redención de toda a débeda en circulación que permite realizala entre o cerramento do mercado do derradeiro día hábil de 1998 e o primeiro día hábil de mercado de 1999, a partir dunha regra xeral de redención polos saldos individuais de cada código valor. A necesaria habilitación regulamentaria para establece-los procedementos técnicos e para acomoda-lo réxime de funxibilidade desta débeda redénominada coa nova débeda que se emitirá directamente en euros, cerra o marco desta regulación, que se completa co réxime de redención doutros instrumentos de débeda pública que non se negocian dentro do citado mercado, tales como a débeda representada en forma distinta a anotacións en conta ou simplemente a débeda referida a operacións de financiamento exterior.

Regúlase así mesmo o réxime de redención de valores de renda fixa distintos dos antes sinalados, atendendo ó principio de redención do nominal do valor. A lei tamén permite en certos casos a utilización dun réxime de redención por saldos, cando precisamente existan condicións próximas ás que posibilitan a utilización deste procedemento na débeda do Estado.

A lei cerra este capítulo regulando a redención da cifra de capital social sen esquece-lo carácter substantivo que no noso ordenamento ten a dita cifra. Neste particular, a norma opta polo criterio de redención tomando como primeira referencia a cifra de capital. Froito do criterio escollido é a admisión dunha redución do número de decimais do nominal resultante das accións por razóns prácticas, tendo presente que a dita redución é legal e estatutariamente inocua dado que expresará sempre unha parte alicuota do capital social.

V

O capítulo IV establece, fundamentalmente, as regras de troco a partir do momento de entrada en circulación de billetes e moedas denominados en euros. A partir do dito momento, a peseta perde a consideración de unidade de conta do sistema monetario e seis meses máis tarde tamén a súa consideración de medio de pagamento de curso legal, conservando, iso si, un mero valor de troco ante o Banco de España, agás que o dito momento se anticipa mercé ás previsións do regulamento comunitario. A partir do 30 de xuño do ano 2002, o euro será a única unidade de conta e o único medio de pagamento de curso legal, non só no territorio nacional, senón tamén no dos restantes Estados membros participantes. O proceso de introducción encontra, pois, no devandito momento, a súa culminación.

VI

O capítulo V, e derradeiro, completa o panorama normativo coa exposición dunha serie de medidas, algunhas delas non conectadas de modo íntimo á idea da introducción do euro, pero a regulación das cales se antolla favorecedora da recepción da moeda única, e de enervar certas consecuencias que trae consigo.

Así, en relación coas obrigas contables establécese un réxime facultativo asimétrico, declarando irreversible a utilización da unidade de conta cando se optase por leva-los libros contables ou expresa-las contas anuais en euros.

En relación co dereito de sociedades, e en estreita conexión coas previsións sobre redención da cifra de capital social, permítese unha fórmula sinxela de axustalo valor nominal das accións que, como consecuencia da redención, desen unha cifra con máis de dous

decimais. O axuste chega ata o céntimo máis próximo, en tanto subdivisión ordinaria do euro.

Impónselle á Administración pública, nos actos, contratos e disposicións xerais, a obriga de sinalalo importe equivalente en euros entremetres se manteña a utilización da unidade de conta peseta, e idéntica prevención se estende ás profesións oficiais, notarios, corretores de comercio colexiados e rexistradores, co dobre obxectivo de ir procedendo a unha redención física dos instrumentos e rexistros e ir afacendo os axentes intervinientes a asimilaren os novos estándares. Nos actos administrativos esta disposición está condicionada ó desenvolvemento regulamentario e ás posibilidades materiais de actuación.

A lei faculta o ministro de Economía e Facenda, cando as circunstancias o esixan, a establecer unha nova fórmula de cálculo ou un novo tipo de referencia que substituirá o denominado MIBOR hipotecario, conforme as prescricións vixentes na materia. Tal facultade, que revela un exercicio de previsión, debe entenderse sen prexuízo da posibilidade que as partes teñen para modifica-los seus correspondentes contratos buscando fórmulas de determinación do tipo de xuro que respondan á previsible nova evolución dos mercados. Idéntica finalidade debe predicarse respecto das referencias a outros tipos MIBOR que a lei, noutra clase de operacións financeiras, tamén regula.

No epígrafe relativo ás normas tributarias, a lei outorga o amparo legal necesario para que o ministro de Economía e Facenda ou outros órganos competentes poidan aprobar, facultativamente, os prazos, procedementos e condicións para a presentación das declaracións e autoliquidacións en euros, conxugando a flexibilidade do sistema coa irreversibilidade do proceso, como ocorre no caso da regulación das obrigas contables. Con esta habilitación pódese levar a cabo o réxime tributario anunciado, con respecto ó imposto sobre sociedades e ó imposto sobre o valor engadido, polo Plan Nacional de Transición ó Euro. Idéntica prevención se contén en relación coas normas sobre cotización á Seguridade Social.

Finalmente, a lei outorga os alicerces necesarios para, se for necesario no curso dos acontecementos, establecer un réxime específico de protección dos consumidores no tratamento da dobre exposición de prezos durante o período transitorio.

VII

Unha das consecuencias da Unión Económica e Monetaria é a integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais, dirixido polo Banco Central Europeo.

O Estado español está obrigado a aprobar aquelas disposicións xerais que resulten necesarias para aseguralo cumprimento por parte do Banco de España das obrigas que lle impón a súa condición de parte integrante do Sistema Europeo de Bancos Centrais, tal e como se recolle no artigo 1.3 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, introducido pola recente Lei 12/1998, do 28 de abril, e que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 1999.

Como parte integrante do Sistema Europeo de Bancos Centrais, o Banco de España verase obrigado a realizar unha serie de procesos operativos homoxéneos cos que deberán realizar outros Bancos Centrais de países membros da Unión Monetaria Europea, e nuns horarios, distintos dos habituais, coincidentes cos destes e todo iso conforme as esixencias de funcionamento do Banco Central Europeo e do citado sistema.

Estas novas exixencias, que abranguen desde a instrumentación da política monetaria común ata o funcionamento do Sistema de Pagos Español que, en breve, será parte integrante do sistema xeral TARGET Transeu-

ropean Automated Real-Time Gross Settlement Express Transfer, pasando polos procesos de apertura e peche de mercados e actividades conexas, integrarán parte da actividade do Banco de España nunha área de actuación común europea sometida ás regras homoxéneas antes mencionadas, o que se traduce na necesidade de adecuar ás citadas normas as condicións de traballo daqueles empregados asignados ás devanditas tarefas. A inminente posta en funcionamento do citado sistema fai necesario introducir unha disposición adicional, a segunda da presente lei, co obxecto de aseguralo cumprimento por parte do Banco de España das obrigas que lle impón a súa condición de parte integrante do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

Finalmente, cabe indicar que a disposición derradeira primeira establece un réxime de coordinación organizativa, indispensable pola celeridade con que presumiblemente van discorrer os acontecementos no período transitorio, completando este réxime de coordinación coa posibilidade de que o Goberno poida, á luz das circunstancias e valorando as diversas normas de aplicación, axustar as cifras expresivas de importes monetarios nas disposicións legais vixentes.

VIII

Non quedaría completo este preámbulo sen un eloxio e despedida da peseta. Cabe lembrar aquí a probable etimoloxía catalana da peseta e a orixe liberal da súa elevación a unidade monetaria nacional. En efecto, durante moito tempo a peseta convivió con reais, dobróns, escudos e outras moedas, ata que a Revolución de 1868 a converte na unidade oficial do sistema monetario español, posición que mantivo desde aquela, a través de diversas vicisitudes e distintas cuñaxes de moedas e emisións de billetes do Banco de España. É xusto recoñecer, por outro lado, que a peseta compartiu o papel de unidade de conta na práctica cotiá co su múltiplo o peso.

Pois ben, é indubidable que o Reino de España e os cidadáns que lles dan o pulo primordial ás súas institucións teñen unha acreditada vocación europeísta e que promoveron e acolleron moi favorablemente tanto a unión monetaria como os demais avances da construción europea. Sen embargo, o saúdo de benvinda ó euro non impide a evocación afectuosa dunha moeda, a peseta, que dominou a vida económica española durante cento trinta anos, se introduciu na literatura e nos ditos populares e serviu para cifra-lo traballo, os negocios, os impostos e as ilusións de moitas xeracións de españois.

CAPÍTULO I

Obxecto da lei

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei ten por obxecto completa-lo réxime xurídico para a introducción do euro como moeda única, dentro do sistema monetario nacional, de acordo co establecido nos regulamentos (CE) número 1103/97, do Consello, do 17 de xuño, sobre determinadas disposicións relativas á introducción do euro e o (CE) número 974/98 do Consello, do 3 de maio, sobre a introducción do euro.

Artigo 2. *Definición dos conceptos empregados.*

Un. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por instrumentos xurídicos as disposicións legais e regulamentarias, os actos administrativos, as resolucións

xudiciais, os contratos, os actos xurídicos unilaterais, os asentos rexistrados, os instrumentos de pagamento distintos dos billetes e moedas e os demais instrumentos con efectos xurídicos.

Dous. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por tipo de conversión o adoptado irrevogablemente polo Consello da Comunidade Europea consonte o disposto na primeira frase do número 4 do artigo 109 L do Tratado da Comunidade Europea para substituí-la peseta polo euro.

Tres. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por redenominación o cambio irreversible da unidade de conta peseta á unidade de conta euro, en tanto exprese un importe monetario, en calquera instrumento xurídico, conforme o tipo de conversión, e unha vez practicado o correspondente redondeo. A redenominación non ten a consideración de feito imponible tributario.

Durante o período transitorio, ó que se refire o artigo 12 desta lei, a redenominación dun instrumento xurídico levará necesariamente implícita a alteración material da expresión da unidade de conta. Finalizado o período transitorio, a redenominación entenderase automaticamente realizada, se é o caso, de acordo coas normas específicas sinaladas na presente lei, aínda que non se altere materialmente a expresión da unidade de conta.

O procedemento de redenominación da cifra de capital social, dos valores integrantes dunha emisión, das contas abertas en entidades de crédito e da débeda pública levarase a cabo exclusivamente na forma prescrita nesta lei e, en todo caso, será gratuito para o investidor ou cliente da entidade.

CAPÍTULO II

Modificación do sistema monetario nacional

SECCIÓN 1.^a A MOEDA NACIONAL

Artigo 3. *Substitución da peseta polo euro.*

Un. Desde o 1 de xaneiro de 1999, inclusive, a moeda do sistema monetario nacional é o euro, tal e como esta moeda se define no Regulamento (CE) 974/98, do Consello, do 3 de maio.

Dous. O euro sucede sen solución de continuidade e de modo íntegro a peseta como moeda do sistema monetario nacional. A unidade monetaria e de conta do sistema é un euro. Un euro divídese en cen cents ou céntimos. Os billetes e moedas denominados en euros serán os únicos de curso legal no territorio nacional.

Artigo 4. *Pervivencia transitoria da peseta como unidade de conta e medio de pagamento do sistema.*

Un. Malia o disposto no artigo 3 desta lei, a peseta poderá continuar sendo utilizada como unidade de conta do sistema monetario en todo instrumento xurídico, en canto subdivisión do euro, de acordo co tipo de conversión, ata o 31 de decembro do ano 2001.

A partir do devandito momento, a utilización da peseta como unidade de conta non gozará da protección do sistema monetario. Todo empregado ou funcionario público que tiver coñecemento por razón da súa profesión, oficio ou cargo dun novo instrumento xurídico no que os importes esixibles se quixeren denominar en pesetas, a excepción daqueles en que o contido do instrumento se refira precisamente a billetes ou moedas denominados en pesetas como obxecto directo del, advertirá desta circunstancia.

Dous. Malia o disposto no artigo 3 desta lei, os billetes e moedas denominados en pesetas continuarán sendo válidos como medio de pagamento de curso legal

con pleno poder liberatorio, en canto subdivisión do euro ó tipo de conversión, ata o 30 de xuño do ano 2002, agás que se dispoña legalmente un prazo inferior, de conformidade co disposto no artigo 24 desta lei. A partir do dito momento, tales billetes e moedas só conservarán un mero valor de troco nos termos previstos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 5. *Dereito sancionador.*

Un. Malia o disposto nos artigos anteriores, as referencias contidas nas normas sancionadoras á moeda nacional entenderanse feitas tanto ó euro como á peseta ata a finalización do período de troco a que se refire o artigo 24 desta lei.

Dous. Durante o período transitorio, as referencias contidas nas normas sancionadoras a importes monetarios expresados en pesetas entenderanse tamén feitas ó importe monetario correspondente en euros que resulte da aplicación do tipo de conversión e, se é o caso, do redondeo efectuado de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei.

Así mesmo, as referencias contidas nas normas sancionadoras á unidade de conta ecu entenderanse realizadas á unidade euro ó tipo dun euro por un ecu.

Tres. A mesma equivalencia expresada no punto anterior entenderase subsistente, se é o caso, para a aplicación das disposicións sancionadoras por actos realizados antes da finalización do período transitorio, unha vez concluído o citado período.

SECCIÓN 2.^a PRINCIPIOS E EFECTOS QUE GOBERNAN A MODIFICACIÓN DO SISTEMA MONETARIO

Artigo 6. *Principio de neutralidade.*

A substitución da peseta polo euro, nos termos previstos nesta lei, non produce alteración do valor dos créditos ou débedas, calquera que sexa a súa natureza, permanecendo o seu valor idéntico ó que tivesen no momento da substitución, sen solución de continuidade.

Artigo 7. *Principio de funxibilidade.*

As referencias contidas en calquera instrumento xurídico a importes monetarios terán a mesma validez e eficacia, xa se expresen en pesetas ou en euros, sempre que os devanditos importes se obtivesen de acordo co tipo de conversión e coas regras de redondeo previstas no artigo 11 desta lei.

Artigo 8. *Principio de equivalencia nominal.*

O importe monetario expresado en euros resultante da aplicación do tipo de conversión e do redondeo, se é o caso, é equivalente ó importe monetario expresado en pesetas que foi obxecto da conversión.

Artigo 9. *Principio de gratuidade.*

A substitución da peseta polo euro, así como a realización das operacións previstas nesta lei ou de calquera outra que foren necesarias para a aplicación do disposto no artigo 3, será gratuíta para os consumidores, sen que poida supoñer o cobramento de gastos, suplidos, comisións, prezos ou conceptos análogos, sen prexuízo do establecido no artigo 11, en relación co redondeo. Considerarase nulo de pleno dereito calquera cláusula, pacto ou convenio que contraveña o disposto neste artigo, que será considerado, respecto das entidades de crédito, normativa de ordenación e disciplina.

Artigo 10. *Efecto de continuidade.*

A substitución da peseta polo euro non poderá ser, en ningún caso, considerada como un feito xurídico con efectos modificativos, extintivos, revogatorios, rescisorios ou resolutorios no cumprimento das obrigas.

A substitución da peseta polo euro non exime nin excusa do cumprimento das obrigas que existan no momento da substitución, nin autoriza a alteración unilateral do seu contido, agás que as partes pactasen expresamente o contrario. En particular, no suposto de contratos con consumidores e usuarios, deberán respectarse os dereitos recoñecidos na lexislación de defensa destes.

A lei non concede acción para reclamar ante os tribunais de xustiza a modificación, extinción, revogación, rescisión ou resolución do contido dunha obriga alegando a modificación de calquera elemento do negocio xurídico ou a alteración do valor das prestacións debidas, como consecuencia da substitución da peseta polo euro.

SECCIÓN 3.^a REDONDEO

Artigo 11. *Redondeo.*

Un. Nos importes monetarios que se teñan que aboar ou contabilizar, cando se leve a cabo unha operación de redondeo despois dunha conversión á unidade euro, deberán redondearse por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo. Os importes monetarios que se teñan que aboar ou contabilizar e se convertan á unidade monetaria peseta deberán redondearse por exceso ou por defecto á peseta máis próxima. En caso de que ó aplica-lo tipo de conversión se obteña unha cantidade na que a última cifra sexa exactamente a metade dun céntimo ou dunha peseta, o redondeo efectuarase á cifra superior.

Dous. En ningún caso se poderá modifica-lo importe a pagar, liquidar ou contabilizar como saldo final, como consecuencia de redondeos practicados en operacións intermedias. Para os efectos deste punto, enténdese por operación intermedia aquela en que o obxecto inmediato da operación non sexa o pagamento, a liquidación ou a contabilización como saldo final do correspondente importe monetario.

CAPÍTULO III

Período transitorio

SECCIÓN 1.^a DELIMITACIÓN

Artigo 12. *Delimitación do período transitorio.*

O período transitorio defínese como o que media entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro do ano 2001, ambos inclusive. Durante este período, coexisten o euro e maila peseta como unidades de conta e medios de pagamento, de acordo co previsto nos regulamentos comunitarios do Consello (CE) 1103/97 e (CE) 974/98, consonte o disposto neste capítulo, e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 24 da presente lei.

SECCIÓN 2.^a PRINCIPIOS QUE GOBERNAN A COEXISTENCIA DO EURO E MAIS DA PESETA COMO UNIDADE DE CONTA E MEDIO DE PAGAMENTO DURANTE O PERÍODO TRANSITORIO

Artigo 13. *Principio de dualidade no uso de unidades de conta.*

Durante o período transitorio, os novos instrumentos xurídicos que expresen importes monetarios, de confor-

midade co sistema monetario nacional, poderán expresarse tanto na unidade de conta peseta coma na unidade de conta euro sempre que, neste último caso, nas relacións de dereito privado exista acordo das partes, ou, nas relacións coas Administracións públicas, exista a posibilidade de utiliza-la unidade de conta euro e o interesado opte por empregala. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das regras especiais que se conteñen nesta lei sobre a redenominação de instrumentos xurídicos no período transitorio.

Artigo 14. *Principio de execución segundo a unidade de conta empregada.*

Un. Os importes monetarios expresados na unidade de conta peseta executaranse en pesetas. Os expresados na unidade de conta euro executaranse en euros. O disposto neste número entenderase sen prexuízo do que as partes pactaren.

Dous. Malia o disposto no número anterior, todo importe denominado na unidade de conta euro ou na unidade de conta peseta, pagadoiro dentro do territorio nacional mediante aboamento en conta do acredor, poderá ser aboadado polo debedor no importe equivalente tanto na unidade euro coma na unidade peseta. O importe será aboadado na conta do acredor na denominación dela.

O debedor dunha cantidade certa en pesetas que, en aplicación da regra contida no parágrafo anterior, quixer pagar en euros, deberá achegar unha cantidade en euros tal que, aplicando o tipo de conversión e unha vez redondeada conforme o disposto no artigo 11 desta lei, dea a cantidade debida en pesetas. Reciprocamente, o debedor dunha cantidade certa en euros que, en aplicación da regra referida no parágrafo anterior, quixer pagar en pesetas, deberá achegar unha cantidade en pesetas tal que, aplicando o tipo de conversión, e unha vez redondeada, conforme o disposto no artigo 11 desta lei, dea a cantidade debida en euros.

Tres. As conversións que realicen as entidades de crédito, conforme o disposto no punto anterior deste artigo, serán gratuítas.

Catro. Serán igualmente gratuítas as conversións de efectivo que teñan que face-las empresas de servicios de investimento para executaren ordes de clientes.

Cinco. As comisións e tarifas por servicios financeiros en euros, calquera que sexa a entidade financeira que os realice, serán iguais a aquelas aplicadas a idénticos servicios en pesetas.

Seis. O disposto nos tres números anteriores constituirá respecto ás entidades financeiras normas de ordenación e disciplina segundo a súa lexislación específica.

SECCIÓN 3.^a MEDIDAS NECESARIAS PARA GARANTIR LA DUALIDADE DE UNIDADES DE CONTA E MEDIOS DE PAGAMENTO DURANTE O PERÍODO TRANSITORIO

Artigo 15. *Redenominação de contas bancarias.*

Un. Durante o período transitorio, logo de acordo entre as partes, as entidades de crédito redencionarán en euros as contas de efectivo en pesetas que os particulares e as administracións públicas manteñan abertas na respectiva entidade.

Dous. A redenominação realizarase polo saldo que presente a conta o día da redenominação, aplicando o tipo de conversión, así como o réxime de redondeo establecido no artigo 11 desta lei. Esta redenominação será gratuíta. Queda prohibido a cobramento de calquera tipo de gasto, suplido, comisión, prezo ou concepto análogo en relación con esta redenominação. O disposto

neste artigo será considerado, respecto ás entidades de crédito, normativa de ordenación e disciplina.

Tres. A redenominação da conta alcanzará ós medios de disposición dela, sen prexuízo de que se poida seguir dispoñendo da conta mediante cheques cifrados en pesetas.

Artigo 16. *Réxime da débeda do Estado.*

Un. A partir do 1 de xaneiro de 1999, as emisións de débeda que realicen o Estado ou os seus organismos autónomos na unidade de conta do sistema monetario nacional realizaranse en euros. Para tales efectos, o límite de emisión que se prevexa na Lei de orzamentos xerais do Estado para os exercicios de 1999, 2000 e 2001 entenderase convertido automaticamente a euros desde o mesmo día 1 de xaneiro de 1999, de acordo co tipo de conversión, e así sucesivamente ata o exercicio correspondente ó ano 2001, agás que as ditas leis pasasen a utiliza-la unidade de conta euro.

Dous. A partir do día 1 de xaneiro de 1999, a unidade de conta do mercado de débeda pública en anotacións será a unidade euro. En consecuencia, tanto o rexistro dos valores incluídos na Central de Anotacións como a súa negociación, compensación e liquidación realizaranse, exclusivamente, na devandita unidade de conta.

Tres. A débeda do Estado denominada en pesetas, representada mediante anotacións en conta, que fose emitida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1999 e que se encontre en circulación o citado día, e o rexistro contable do cal se leve na Central de Anotacións, redencionarase a euros entre a data de entrada en vigor desta lei e o primeiro día hábil para o Mercado de débeda Pública en Anotacións do ano 1999. A redenominação realizarase, con carácter xeral, mediante a aplicación do tipo de conversión ó saldo nominal de cada un dos códigos valor de débeda do Estado de cada titular, segundo figuren no peche de mercado do día hábil inmediato anterior. A cifra resultante redondearase, se é o caso, ó céntimo máis próximo, de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei. Malia o anterior, se o saldo nominal por código valor dun titular estiver constituído por varios rexistros, a redenominação e o seu correspondente redondeo realizaranse por cada un deles, a suma dos cales dará o saldo nominal en euros. A suma dos saldos nominais así obtidos constituirá o saldo nominal total de cada código valor.

Os saldos nominais de débeda do Estado poderán expresarse en céntimos de euro. Non obstante, con obxecto de homoxeneiza-las emisións de débeda do Estado en euros, poderán ser establecidos polo ministro de Economía e Facenda importes nominais mínimos de negociación, así como os procedementos de consolidación dos valores para acadalos importes mínimos negociables e os procedementos técnicos que permitan o mantemento, sen solución de continuidade, dos códigos valores.

Catro. A débeda do Estado en circulación, denominada en pesetas, emitida ou contraída con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1999, distinta daquela á que se refire o número anterior, redencionarase de conformidade coas seguintes regras:

a) A representada mediante anotacións en conta e da que o seu rexistro contable se leve a cabo a través do Servicio de Compensación e Liquidación de Valores redencionarase segundo o procedemento establecido no artigo 17 desta lei para as emisións de valores distintas da débeda do Estado.

b) A formalizada mediante préstamos singulares redenominarase aplicando o tipo de conversión ó principal do préstamo, redondeando a cifra resultante de conformidade co establecido no artigo 11 desta lei.

c) A representada mediante títulos físicos, ben sexan títulos ó portador ou certificados de inscrición nominativa, redenominarase aplicando o tipo de conversión ó nominal de cada título redondeando a cifra resultante de conformidade co establecido no artigo 11 desta lei.

Os restantes instrumentos de débeda do Estado redenominaranse atendendo á natureza xurídica do instrumento en cuestión.

Cinco. Facúltase o ministro de Economía e Facenda para redenominar a débeda do Estado que, emitida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1999, se encontre en circulación na citada data e estea denominada na moeda dun dos Estados membros que adopten o euro en substitución da súa moeda nacional, sempre e cando o Estado emisor da devandita moeda adoptase as medidas necesarias, de conformidade co disposto no artigo 8.4 do Regulamento (CE) 974/1998, do Consello, do 3 de maio, sobre a introducción do euro.

Seis. As emisións distintas da débeda do Estado o rexistro contable das cales sexa levado a cabo pola Central de Anotacións, redenominaranse á unidade euro, logo de acordo do emisor, consonte o disposto no número tres deste artigo.

Sete. As operacións previstas no presente artigo serán en todo caso gratuítas.

Artigo 17. *Redenominación das emisións de valores de renda fixa distintos da débeda do Estado.*

Un. A partir do 1 de xaneiro de 1999, inclusive, poderanse redenominar as emisións de valores de renda fixa, distintas das reguladas no artigo anterior, e expresadas na unidade de conta peseta, emitidas con anterioridade á mencionada data, consonte o disposto neste artigo.

Dous. A facultade de redenominar a que se refire este artigo estará supeditada, eventualmente, a que o mercado onde se negocie a emisión adoptase o euro como unidade de conta para a negociación.

Tres. A redenominación realizarase aplicando o tipo de conversión a cada valor individual, redondeando a cifra resultante na forma prevista no artigo 11 desta lei. O importe da emisión, expresado na unidade de conta euro, calcularase mediante a suma de tódolos valores así redenominados.

Catro. A redenominación da emisión poderá realizarse a partir do 1 de xaneiro de 1999 por simple acordo do emisor, sen necesidade de acordo do sindicato de obrigacionistas, se é o caso, agás que o contrato de emisión exclúa expresamente a facultade de redenominación ata o día 31 de decembro do 2001 e durante o citado período. Abondará para a súa acreditación nos rexistros contables correspondentes a presentación da certificación do acordo adoptado polo órgano de administración ou de Goberno, se é o caso, do ente emisor, coas sinaturas lexitimadas, no que se acredite que se axustou ó método de redenominación indicado no número anterior e que se cumpriron os demais requisitos previstos neste artigo. Cando sexa procedente, a acreditación ante o Rexistro Mercantil e, se é o caso, ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores realizarase por idéntico documento, causando no Rexistro Mercantil, logo da súa oportuna cualificación, nota marxinal no asento correspondente á emisión. Estas operacións, de simple carácter aritmético, non devengarán dereitos arancelarios notariais nin rexistrais, e estarán exentas

de publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

A publicidade sobre a redenominación de valores a que se refire este artigo, no caso de que se negocien nun mercado secundario, axustarase á lexislación do mercado de valores.

Cinco. Exclusivamente durante o período transitorio, a redenominación de valores de renda fixa a que se refire este artigo negociados nun mercado secundario organizado, tamén poderá ser realizada mediante a redenominación de saldos da mesma referencia, polo tedor, nas condicións que, se é o caso, se fixen regulamentariamente, sempre e cando as circunstancias técnicas ou de mercado permitan a agregación do saldo nominal final da emisión.

Seis. Así mesmo, os saldos nominais dos valores a que se refire o presente artigo poderán expresarse en céntimos de euro. Non obstante, poderanse establecer, ó abeiro das normas técnicas de cada mercado secundario, importes mínimos nominais de negociación.

Sete. As operacións previstas no presente artigo serán en todo caso gratuítas.

Artigo 18. *Cambio da unidade de conta nos mercados de valores.*

Un. A partir do 1 de xaneiro de 1999, quedan autorizados os mercados de valores, distintos do Mercado de Débeda Pública en Anotacións, para cambiaren a unidade de conta dos seus procedementos operativos da unidade peseta á unidade euro, polo que concirne á negociación, compensación e liquidación de valores e outros instrumentos financeiros.

Esta operación realizarase de forma gratuíta para os investidores en tódolos mercados secundarios de valores.

Dous. Durante o período transitorio, a información que teñan que facilitar os organismos rectores nos mercados de valores a que se refire o punto anterior, sobre as operacións que neles se realizan, ofrecerase en euros, conforme as regras que, se é o caso, estableza o ministro de Economía e Facenda. Así mesmo, o ministro de Economía e Facenda poderá establecer a obrigatoriedade de ofrece-la información en euros e pesetas, nos medios de difusión da información subministrada polos mercados secundarios oficiais, co fin de favorecer a protección do investidor nos devanditos mercados.

Artigo 19. *Cambio da unidade de conta nos procedementos operativos dos sistemas de compensación e liquidación de valores e sistemas de pagamentos.*

A partir do 1 de xaneiro de 1999, autorízase o cambio da unidade de conta peseta á unidade de conta euro nos procedementos operativos dos sistemas españois de compensación e liquidación de valores e produtos financeiros derivados, dos sistemas españois de pagamentos e dos sistemas de compensación dos medios de pagamento.

Artigo 20. *Unidade de conta nas obrigas de información das institucións de investimento colectivo, fondos de pensións e entidades aseguradoras.*

Un. Durante o período transitorio, as institucións de investimento colectivo que en por si ou por decisión, se é o caso, da súa sociedade xestora adoptasen o euro como unidade de conta deberán facilitar a información esixida pola lexislación vixente en euros. O ministro de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá establecer os supostos e as condicións en que a información elaborada polas

institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras deba realizarse en euros e en pesetas.

Dous. Durante o período transitorio, as entidades xestoras daqueles fondos de pensións que adoptasen o euro como unidade de conta deberán facilitar ás comisións de control a información esixida pola lexislación vixente en euros. O ministro de Economía e Facenda poderá establecer os supostos e as condicións en que a información que se lles vaia facilitar ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións deba realizarse tanto en euros como en pesetas.

Tres. Durante o período transitorio, as entidades aseguradoras e as mutualidades de previsión social que adoptasen o euro como unidade de conta deberán facilitar a información esixida pola lexislación vixente en euros. O ministro de Economía e Facenda poderá establecer os supostos e as condicións en que a información que se lles vaia facilitar ós tomadores, asegurados e beneficiarios deba realizarse tanto en euros coma en pesetas.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo da competencia das comunidades autónomas en materia de información e protección dos consumidores e usuarios.

Catro. O deber de facilitar a información a que se refiren os tres puntos anteriores non prexudicará o establecido no artigo 27 desta lei respecto da expresión das contas anuais e dos libros de contabilidade.

Artigo 21. *Redenominación da cifra do capital social.*

Un. A redenominación da cifra de capital social das sociedades mercantís realizarase exclusivamente mediante a aplicación á devandita cifra do tipo de conversión, redondeando posteriormente o seu importe de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei. Realizada esta operación, o valor nominal das accións ou das participacións acharase multiplicando a cifra resultante en euros por un número que exprese a parte alícuota do capital social que o valor nominal da dita acción ou participación representar respecto da cifra orixinal expresada en pesetas. O valor nominal resultante en euros das accións ou participacións non se redondeará, se ben poderá reducirse o número de decimais por razóns prácticas ata un número non superior a seis. Esta última operación non alterará en ningún modo a proporción da acción ou participación con respecto á cifra de capital social para tódolos efectos legais e estatutarios.

Dous. A redenominación do capital social e do valor nominal das accións ou participacións poderá realizarse a partir do 1 de xaneiro de 1999 e non requirirá senón certificación do acordo adoptado polo órgano de administración, coas sinaturas lexitimadas, onde conste de maneira que faga fe que a redenominación se levou a cabo de acordo co disposto neste artigo. A súa constancia rexistral realizarase mediante nota marxinal practicada na última inscrición relativa á cifra de capital social e do valor nominal das accións ou participacións. Estas operacións, de simple carácter aritmético, non devengarán dereitos arancelarios, notariais nin rexistrais, mesmo se se formalizan mediante escritura pública. En todo caso, estarán eximidas de publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e non devengarán tributo ningún.

Tres. O disposto neste artigo aplicarase á redenominación da cifra do capital e achegas das sociedades cooperativas e a supostos que presenten analoxía cos aquí regulados.

Artigo 22. *Publicidade utilizando moedas en euros e moedas ou medallóns conmemorativos sen curso legal.*

Un. O réxime de control de publicidade previsto no artigo 15.4 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, resultará igualmente de aplicación á realización de publicidade sobre moedas en euros que pretenda realizarse se ben a competencia para autorizar e sancionar corresponderalle á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Dous. Someterase á autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a fabricación, comercialización e distribución de moedas ou medallóns conmemorativos en euros que carezan de curso legal.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con suxeición ó procedemento sancionador aplicable ós suxeitos que actúen nos mercados financeiros, poderalles impoñer multas de ata 100 millóns de pesetas ás persoas físicas e xurídicas, e ós administradores destas, que vulneren o disposto no parágrafo anterior.

CAPÍTULO IV

Fin do período transitorio

Artigo 23. *Utilización exclusiva da unidade de conta euro.*

A partir do 1 de xaneiro do ano 2002, o sistema monetario empregará exclusivamente o euro como unidade de conta. Tódolos novos instrumentos xurídicos que expresen importes monetarios na unidade de conta do sistema monetario empregarán a unidade de conta euro consonte o disposto no artigo 3 desta lei.

Artigo 24. *O troco ata o 30 de xuño do 2002.*

Un. Desde o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño do ano 2002, ou ata unha data anterior se se reduce este prazo legalmente, efectuarase o troco de billetes e moedas en pesetas por billetes e moedas en euros consonte o tipo de conversión e a aplicación, se é o caso, das normas de redondeo contidas no artigo 11 desta lei. A redución do prazo a que se refire este punto determinará a perda do curso legal da peseta no momento de finalización do dito prazo.

Dous. O troco será realizado polo Banco de España, polos bancos, polas caixas de aforro e polas cooperativas de crédito.

Tres. Só se poderán entregar billetes e moedas denominadas en euros contra a entrega de billetes e moedas denominadas en pesetas sen que se poidan admitir trocos inversos.

Catro. O troco é gratuío. Queda prohibido o cobramento de calquera tipo de gasto, suplido, comisión, prezo ou concepto análogo en relación con este troco.

Cinco. A actividade de troco a que se refire este artigo entenderase incluída entre as reservadas ás entidades de crédito polo artigo 28.2 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, e será de aplicación o disposto no seu artigo 29 a quen ofrezca ou efectúe operacións de troco en infracción da referida reserva legal.

Artigo 25. *O troco a partir do 1 de xullo do 2002.*

A partir do 1 de xullo de 2002 ou, se é o caso, a partir da data de finalización do prazo a que se refire o punto un do artigo anterior, os billetes e moedas denominados en pesetas só conservarán un valor, que o será

de troco, por billetes e moedas denominados en euros, consonte o tipo de conversión e na forma e no modo que determine o ministro de Economía e Facenda. Este troco levarao a cabo, exclusivamente, o Banco de España, logo do correspondente redondeo realizado de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei.

Artigo 26. *Instrumentos non red denominados durante o período transitorio.*

A partir do 1 de xaneiro do ano 2002, os instrumentos xurídicos que non fosen red denominados durante o período transitorio entenderanse automaticamente expresados na unidade de conta euro, mediante a aplicación ó importe monetario correspondente do tipo de conversión, e, se é o caso, aplicando o réxime de redondeo establecido no artigo 11 desta lei. En todo caso observaranse as regras de red denominación establecidas nos artigos 15, 17 e 21 desta lei. Regulamentariamente, estableceranse as normas polas cales os rexistros públicos administrativos procederán progresivamente a cambiar materialmente a expresión da unidade de conta peseta pola unidade de conta euro.

CAPÍTULO V

Medidas tendentes a favorece-la plena introducción do euro

Artigo 27. *Medidas en relación coas obrigas contables.*

Un. Para os exercicios que se pechen durante o período transitorio, as contas anuais, incluídas as consolidadas, poderanse formular, depositar e publicar expresando os seus valores en pesetas ou en euros. Con carácter xeral, a opción de expresa-las contas en euros poderá ser acordada polo órgano de administración da entidade. Non obstante, no suposto de fondos de pensións, a opción de expresa-los valores en euros requirirá o acordo previo e expreso da Comisión de Control do Fondo.

Dous. Durante o período sinalado no punto anterior, os suxeitos contables poderán realiza-las súas anotacións nos libros de contabilidade, expresando os seus valores en pesetas ou en euros.

Tres. Se se exercitase a opción de expresar en euros as contas anuais, individuais ou consolidadas ou, se é o caso, as anotacións nos libros de contabilidade, non se poderá volver utiliza-la unidade de conta peseta agás en casos excepcionais, debidamente xustificadas na forma que regulamentariamente se determine.

Catro. As contas anuais expresadas en euros deberán incorporar en todo caso as cifras do exercicio precedente expresadas en euros, aplicando o tipo de conversión e efectuando, se é o caso, o redondeo conforme o disposto no artigo 11 desta lei, con inclusión na memoria dentro do punto «bases de presentación das contas anuais» dunha explicación sobre a adaptación dos importes dos exercicios precedentes, así como do proceso de introducción do euro na entidade.

Cinco. Regulamentariamente desenvolveranse os aspectos contables derivados da introducción do euro con inclusión así mesmo dos que deban ser, se é o caso, incluídos nas contas anuais correspondentes ó exercicio de 1998.

Seis. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do previsto na normativa propia das entidades financeiras sometidas á supervisión do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros sobre publicación de estados de situación e información ás citadas autoridades supervisoras.

Artigo 28. *Axuste, ó céntimo máis próximo, do valor nominal das accións, participacións e cotas sociais, a resultas da red denominación do capital social.*

Un. Se como consecuencia da red denominación de que trata o artigo 21 desta lei, o valor nominal da acción ou participación resultante presentase unha cifra con máis de dous decimais, e foren cales foren as condicións esixidas polos estatutos sociais, o órgano de administración poderá acordar, para a súa execución nun prazo non posterior ó 31 de decembro do ano 2001, o aumento ou redución de capital co único obxectivo de redondear, na forma prevista no artigo 11 desta lei, os valores nominais das accións ou participacións á alza ou á baixa ó céntimo máis próximo. O aumento realizarase con cargo ás reservas dispoñibles. A redución realizarase mediante a creación dunha reserva indispoñible. A cifra de capital social resultante será a suma dos valores nominais das accións unha vez axustados na forma sinalada neste número.

O axuste por redución do valor nominal non poderá realizarse cando a cifra resultante de capital social sexa inferior ó capital mínimo establecido legalmente; neste caso redondearase á alza.

Dous. Adoptado o acordo a que se refire o punto anterior, elevarase a escritura pública e inscribírase no Rexistro Mercantil. Estas operacións estarán eximidas de publicación en periódicos e no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

Non existirá o dereito de oposición por parte dos acredores en caso de redución do capital previsto nos artigos 166 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, e 81 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

Así mesmo, tampouco será esixible a verificación por auditores de contas do balance que teña que servir de base á correspondente operación de aumento de capital con cargo a reservas, que resultase necesario, se é o caso, como consecuencia do axuste regulado neste artigo, previsto no artigo 157 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

Tres. A operación de axuste prevista neste artigo non devengará tributo ningún. Tampouco se devengarán dereitos arancelarios notariais ou rexistrais.

Catro. Os beneficios dispostos neste artigo e o particular réxime de adopción de acordos aquí previsto non serán de aplicación ás sociedades que se constituían a partir do 1 de xaneiro de 1999 e antes do 31 de decembro do 2001, ou que dentro do citado prazo aumentasen ou reducisen a súa cifra de capital social sen a ter previamente red denominado.

Cinco. O disposto neste artigo será de aplicación ó axuste das participacións e cifra de capital social das cooperativas e a supostos que presenten analoxía cos aquí regulados.

Artigo 29. *Medidas en relación cos pagamentos públicos.*

Facúltase o director xeral do Tesouro e Política Financeira, en canto ordenador de pagamentos do Estado, para que, logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado e dos departamentos afectados, dispoña durante o período entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro do 2001, os pagamentos e ingresos non tributarios que poidan realizarse en euros, tendo presente a unidade de conta na que estea expresado o instrumento xurídico causa do pagamento ou do ingreso. Para tal efecto, autorízase o director xeral do Tesouro

e Política Financeira a realiza-las actuacións necesarias para coordina-lo funcionamento da ordenación de pagamentos do Estado co Banco de España en canto á disposición da Conta do Tesouro e ós pagamentos derivados da débeda do Estado.

Artigo 30. *Actos, contratos administrativos e normas.*

Desde o 1 de xaneiro de 1999 ata o 31 de decembro do ano 2001, os prezos dos novos contratos formalizados polas Administracións públicas, cando utilicen a peseta como unidade de conta, e os importes monetarios utilizados como expresións finais nas normas que a partir da dita data se dicten, deberán facer constar a continuación o importe equivalente na unidade de conta euro ó tipo de conversión, podendo neste caso expresar unha cifra final en euros cun número de decimais non superior a seis.

Durante o mesmo período, e na forma que regulamentariamente se estableza, procurárase, cando o volume dos actos administrativos que se dicten o permita, que os importes monetarios que, como saldos finais, expresen os actos administrativos, fagan constar-lo importe equivalente en euros aplicando o tipo de conversión e se é o caso a regra de redondeo do artigo 11 desta lei.

As indicacións a que se refire este artigo non alterarán a unidade de conta na que se entendan expresados tales actos, contratos ou disposicións.

Artigo 31. *Actuacións de profesionais oficiais.*

Un. A partir do 1 de xaneiro de 1999, os notarios, de oficio, farán constar nos documentos que autoricen e que estean expresados na unidade de conta peseta, o importe equivalente na unidade de conta euro, mediante a aplicación do tipo de conversión e aplicando se é o caso o correspondente redondeo previsto no artigo 11 desta lei. Igual obriga recaerá sobre os corredores de comercio colexiados respecto dos documentos que interveñan. A expresión do importe equivalente na unidade de conta euro realizarase a continuación da expresada en pesetas e non alterará por iso a unidade de conta na que o documento se entenda autorizado ou intervido.

No caso de que as partes fixesen constar voluntariamente no documento o importe equivalente en euros, o notario ou corredor de comercio limitarase a comprobar-la correcta aplicación do tipo de conversión e das regras de redondeo previstas no artigo 11.

A partir do 1 de xaneiro do ano 2002 non se poderá autorizar nin intervenir ningún documento no que os importes monetarios se expresen na unidade de conta peseta cando se empregue a unidade de conta do sistema monetario nacional sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do punto un do artigo 4 desta lei.

Dous. A partir do 1 de xaneiro de 1999 os rexistradores da propiedade e mercantís admitirán a expresión da unidade de conta euro nos documentos de toda clase que se presenten no Rexistro. De igual modo, farán constar de oficio nos asentos rexistrados que practiquen a partir da dita data, respecto dos documentos que conteñan referencias á unidade de conta peseta, ademais da dita cifra, a correspondente en euros por aplicación do tipo de conversión e logo de, se é o caso, o correspondente redondeo practicado de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei. Idéntica obriga alcanzará en canto ás notas e certificacións que expidan nas que se conteñan expresións na unidade de conta peseta.

Se un documento que se presentar no Rexistro contiver discordancias entre a unidade de conta expresada en pesetas e a presentada como equivalente en euros,

sen observancia de aplicación do tipo de conversión e as regras de redondeo referidas anteriormente, suspenderán a práctica do asento correspondente ata a reparación da citada discordancia.

Tres. Malia o disposto no número un anterior e no parágrafo primeiro do número dous anterior, non se realizará tal actuación cando o importe que se faga figurar no documento ou no Rexistro, expresado na unidade de conta peseta, sexa o resultado de adicionar importes monetarios individualizados. En particular, non se redominará o importe da emisión de obrigas agás que conste a suma agregada dos valores ou, se é o caso, saldos, red denominados a euros de conformidade co disposto nesta lei en relación coa red denominación de valores de renda fixa privada, caso en que será esta cifra a que se faga constar como equivalente en euros á expresada en pesetas. Tampouco se red denominará o valor nominal das accións, participacións ou cotas agás que conste a súa determinación de conformidade coas regras establecidas nesta lei para a red denominación do capital social.

Artigo 32. *MIBOR.*

Un. O tipo de xuro do mercado interbancario a un ano (MIBOR) a que se refire a Circular 8/1990 do Banco de España, para aplicar ós préstamos hipotecarios vixentes no 1 de xaneiro de 1999, seguirase calculando e publicando mentres concorran os requisitos técnicos necesarios para a súa elaboración. Presumírase, agás proba en contrario, que as simples referencias contidas nos contratos de préstamo hipotecario ó MIBOR como tipo de xuro de referencia, o son ó que se refire o inciso inicial deste número.

Dous. Se non for posible a súa elaboración por dificultades técnicas ou de mercado, o ministro de Economía e Facenda quedará facultado ben para determina-la súa fórmula de cálculo ou ben para establecer un novo tipo ou índice de referencia equivalente que substituirá aquel por ministerio da lei. Se non for posible establecer un novo tipo ou índice de referencia equivalente, procurárase que garde a maior analogía posible con aquel. Así mesmo quedará facultado para establecer regras sobre publicidade dos citados índices. No suposto de que o previsto neste número resultar de aplicación, a lei non concederá acción para reclama-la aplicación de calquera tipo substitutivo, subsidiario ou convencionalmente aplicable en defecto do inicialmente pactado polas partes, nin a modificación ou alteración unilateral do préstamo ou a súa extinción, como consecuencia da aplicación do aquí disposto.

Tres. En operacións financeiras de toda índole distintas das previstas nos números un e dous anteriores que utilicen como referencia un tipo MIBOR do que non se puidese realiza-lo cálculo por perder significación financeira, e sempre que as partes non establecesen un tipo substitutivo, subsidiario ou convencionalmente aplicable en defecto do inicialmente pactado, que for de aplicación efectiva, ou non dispuxesen regras para o caso de desaparición ou falta de representatividade do citado tipo, será de aplicación, no seu lugar, o tipo de xuro que presente a maior analogía con aquel.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, facultábase o ministro de Economía e Facenda, cando as circunstancias técnicas ou de mercado o aconsellen, para determinar unha nova fórmula de cálculo ou ben para establecer un tipo substitutivo que se aplicará por ministerio da lei. No suposto de que o previsto neste número resultar de aplicación, a lei non lle concede acción a ningunha das partes para reclamar unilateralmente a modificación, resolución ou rescisión do contrato como consecuencia da aplicación do disposto neste punto.

Artigo 33. *Disposicións de dereito tributario.*

Un. O ministro de Economía e Facenda, ou o órgano ó que corresponda a competencia de acordo coas normas reguladoras de cada tributo, poderá aproba-los modelos de declaracións e autoliquidacións en euros, así como as condicións e circunstancias da súa utilización, respecto dos tributos que se devenguen a partir do 1 de xaneiro de 1999, agás aqueles dos que o período impositivo comezase antes desa data.

Dous. Cumprido o establecido no número anterior, o contribuínte poderá optar por declarar ou autoliquidar en euros respecto de cada tributo en que resulte obrigado. Para poder exercer-la opción, cando está obrigado a levar contabilidade mercantil de acordo co Código de comercio ou coa lexislación específica que lle sexa aplicable, será preciso que exprese en euros as anotacións nos seus libros de contabilidade, de acordo co establecido no artigo 27 desta lei. Unha vez exercida a opción, esta terá carácter irrevogable.

Tres. Desde o inicio do período transitorio, o exercicio da opción por expresar en euros as anotacións nos libros de contabilidade, conforme o disposto no artigo 27 desta lei, comportará o deber de utilizar esta mesma unidade de conta nos libros e rexistros esixidos polas normas fiscais. Os contribuíntes que non deban levar contabilidade mercantil poderán utiliza-lo euro nos libros e rexistros fiscais de acordo coas disposicións que se establezan.

Artigo 34. *Disposicións sobre cotizacións á Seguridade Social.*

Regulamentariamente, determinarase o momento, o procedemento e as condicións para que se poida empregar-la unidade de conta euro nas relacións coa Seguridade Social e nos pagamentos resultantes das cotizacións a ela.

Artigo 35. *Dobre exposición de prezos en pesetas e euros. Dereitos de consumidores e usuarios.*

Un. Toda exposición dual de prezos realizarase obtendo o prezo en euros mediante a aplicación do tipo de conversión e norma de redondeo prevista no artigo 11 da presente lei.

Dous. As administracións públicas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán establecer un réxime de protección dos dereitos de consumidores e usuarios de específica aplicación ó período de transición ata a plena utilización do euro. En particular, o citado réxime poderá establece-la necesidade de que en toda dobre exposición de prezos na unidade de conta euro e peseta se indique a unidade que serve de base para o cálculo da conversión e o redondeo.

Artigo 36. *Cotización oficial.*

Para efectos do disposto na lexislación vixente, a partir do 1 de xaneiro de 1999 terá a consideración de cambio oficial da moeda nacional fronte a outras divisas o que publique para o euro o Banco Central Europeo, en por si ou a través do Banco de España. O Banco de España poderá tamén publicar cotizacións do euro respecto a moedas distintas das consideradas polo Banco Central Europeo. Durante o período transitorio, o Banco de España publicará a título informativo a equivalencia do cambio oficial na unidade de conta peseta.

Disposición adicional primeira.

A presente lei dítase ó abeiro dos números 11.º, primeiro inciso, e 13.º do artigo 149, 1.º da Constitución española, e sen prexuízo do que se dispón no artigo 35 da presente lei.

Disposición adicional segunda.

Un. A integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais determina a reorganización dos seus servicios e dependencias.

Dous. A presente disposición entrará en vigor na data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional terceira. *Garantías en operacións co Banco de España, co Banco Central Europeo e outros.*

Un. A afección de préstamos non hipotecarios como garantía en favor do Banco de España, do Banco Central Europeo, ou dos bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, para asegura-lo cumprimento das obrigas presentes ou futuras que contraian fronte a eles as entidades de crédito, rexeranse polas seguintes disposicións:

a) Os préstamos serán susceptibles de afección calquera que sexan os requisitos formais ou materiais que as partes pactasen respecto da súa cesión ou gravame.

b) A dita afección poderá formalizarse en modelo oficial aprobado para tal efecto polo Banco de España, que producirá tódolos seus efectos fronte a terceiros desde a súa inscrición no rexistro que para tal fin establece o Banco de España. O documento deberá ser igualmente inscrito no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles regulado no artigo 15 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles. Os documentos así inscritos serán título suficiente para a súa execución. De non se lle entregar ó beneficiario da garantía o documento orixinal do préstamo afectado, farase constar nel a referencia da dita inscrición.

c) Os froitos dos préstamos afectos corresponderánlle, agás pacto en contrario, á entidade de crédito que achega a garantía.

d) En caso de incumprimento das obrigas garantidas, o beneficiario da garantía adquirirá a titularidade de pleno dereito dos préstamos afectos, subrogándose na posición contractual da entidade prestamista. Unha vez satisfeitas as citadas obrigas con cargo ós pagamentos procedentes dos préstamos, o beneficiario restituíralle o sobranle, se o houber, á entidade incumpridora. Non embargante, poderá tamén executarse a garantía mediante poxa organizada polo Banco de España, segundo o procedemento que este estableza, restituíndoselle igualmente o sobranle, se o houber, á entidade incumpridora.

e) Para a determinación dos importes vencidos, líquidos e esixibles das obrigas garantidas que fosen incumpridas, haberá que se ater á certificación que para tal efecto expida o beneficiario da garantía. Deste importe deduciranse, se é o caso, as cantidades que fosen satisfeitas con cargo a outras garantías que puidesen asegura-las mesmas obrigas.

f) En caso de quebra ou suspensión de pagamentos da entidade que afectase en garantía os préstamos, ademais de se produci-lo efecto previsto na letra d) anterior, o beneficiario dela gozará de dereito absoluto de separación en relación cos dereitos de crédito derivados de tales préstamos. A constitución das garantías a que se refire a presente norma e a obriga garantida por elas non poderán ser impugnadas no caso de medidas de

carácter retroactivo vinculadas ós citados procedementos concursais.

Dous. O réxime previsto na lexislación sobre mercados de valores para os peñores e as operacións dobres e con pacto de recompra, realizadas en garantía de obrigas contraídas fronte ó Banco de España no exercicio das súas operacións de política monetaria, será igualmente de aplicación ás operacións de análoga natureza, realizadas en España en garantía de obrigas contraídas fronte ó Banco Central Europeo e ós demais Bancos Centrais dos Estados membros da Unión Europea no exercicio das súas operacións de política monetaria.

Tres. A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira.

Facúltase o Goberno para que desenvolva regulamentariamente o disposto nesta lei. Así mesmo, o Goberno poderá dictar as medidas necesarias para garantir que a execución do disposto nesta lei se realice de forma harmónica. Para tal fin queda habilitado para axustar los importes monetarios a cifras enteras de euro, así como para introducir, para os efectos do artigo 11. dous, aquelas especificacións que sexan necesarias en materia de seguros.

A coordinación das medidas establecidas nesta lei realizarase a través da Comisión Interministerial para a Coordinación de Actividades para a Introducción do Euro nas Administracións públicas, creada polo Real decreto 363/1997, do 14 de marzo, quen deberá preceptivamente emitir informe sobre toda disposición regulamentaria que se dicte ó abeiro desta disposición derradeira.

Disposición derradeira segunda.

Un. Facúltase o ministro de Economía e Facenda, dentro do marco de introducción do euro, para:

a) Por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinar qué estados ou contas entre os que deben render ó Tribunal de Contas a Administración do Estado, os seus organismos autónomos e restantes entidades estatais suxeitas a contabilidade pública, se expresarán en euros, así como dictar normas en relación coa contabilidade da Administración local;

b) Dictar normas en relación cos orzamentos da Administración local, co obxecto da súa adecuación ó previsto na presente lei.

Dous. Así mesmo facúltase a Intervención Xeral da Administración do Estado para determinar a información expresable en euros dentro da información contable intermedia e de fin de exercicio que non se rende ó Tribunal de Contas, e para determinar as regras contables de aplicación do réxime de conversión nas entidades suxeitas a contabilidade pública.

Disposición derradeira terceira.

A presente lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999, agás as súas disposicións adicional segunda e derradeira primeira que entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

29341 REAL DECRETO-LEI 20/1998, do 18 de decembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 5.008.829.412 pesetas para atender subvencións a organizacións de produtores agrarios, concesión de subvencións para ordenación e fomento da industrialización agroalimentaria e outros gastos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. («BOE» 303, do 19-12-1998.)

De acordo co establecido no artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, con cargo ós créditos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Nese artigo, ademais, establece os requisitos para que, en determinadas circunstancias, se imputen ó orzamento dun exercicio obrigas xeradas en exercicios anteriores.

No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación debe atenderse o pagamento de diversas obrigas procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio actual por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o citado artigo 63. As citadas obrigas derivan de subvencións ós gastos de constitución e funcionamento das organizacións de produtores agrarios por importe de 2.007.982.922 pesetas, gastos de transporte por importe de 573.128 pesetas e cotas a organismos internacionais por 273.362 pesetas.

Dado que as citadas obrigas non poden ser imputadas ó exercicio actual, que o seu pagamento non pode atrasarse polo correspondente prexuízo que supón para os terceiros acredores, e que a propia disciplina orzamentaria esixe que non se demore a súa aplicación ó orzamento, debe dictarse a oportuna norma con rango de lei para dota-la cobertura crediticia necesaria para a súa cancelación.

Así mesmo, debe dotarse o oportuno suplemento de crédito para atender obrigas que se xerarán no exercicio derivadas de subvencións destinadas á transformación e comercialización de produtos agrícolas e silvícolas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro de 1998,

DISPONGO:

Artigo 1.

Para atender obrigas de exercicios anteriores concédense créditos extraordinarios por importe de 5.008.829.412 pesetas, no vixente orzamento da Sección 21 «Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación», co detalle que se recolle no anexo.

Artigo 2.

Para a concesión das axudas destinadas á mellora das condicións de comercialización e transformación dos